



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA Á AXENCIA DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA QUE ADAPTE A SOFTWARE LIBRE OS PROCEDEMENTOS ELECTRÓNICOS AO DISPOR DA CIDADANÍA, EN ESPECIAL OS PROCEDEMENTOS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Expediente: R.5.Q/2370/18

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Sra. directora:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento esta institución de que numerosos aplicativos que a administración autonómica pon a dispor da cidadanía funcionan soamente con software que opera baixo licenza. Esta circunstancia, tal e como puido saber este alto comisionado, está a limitar o acceso de usuarios que empregan o software libre nos seus equipos informáticos, a procedementos de concorrencia competitiva, de matrícula nas Escolas Oficiais de idiomas e outros trámites que só admiten unha xestión telemática.

#### ANTECEDENTES

Esa axencia puxo en marcha un *Plan de acción software libre 2017*, incorporado á denominada Axenda Dixital de Galicia 2020 como un dos principios para a xestión eficiente definindo o impulso do software libre e de estándares abertos e o fomento da reutilización, como “ferramentas para garantir a operatividade dos sistemas informáticos e achegar a tecnoloxía á sociedade, evitando a dependencia de determinados provedores TIC e os custos recorrentes”.

Para o exercicio 17 estaba previsto avanzar no plan de migración do posto do empregado público á ofimática libre, a publicación e liberación de dúas novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia e a aposta pola reutilización de software e contidos, tan necesaria esta última para a plena consolidación da transparencia entre as nosas administracións públicas.

O fomento do uso de software libre nos novos servizos da administración incluíase entre os eixos de actuación do plan de acción para o exercicio 2017, como avance para o desenvolvemento da tramitación electrónica integral dos procedementos.

Ante iso requirimos informe a esa Axencia para que, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información, no ámbito das súas competencias, sobre os servizos que na actualidade ofrece a administración autonómica que esixen de sistemas licenciados; sobre as previsións de migración dos aplicativos actuais a sistemas libres sen licenza; sobre os criterios para avanzar na tramitación electrónica libre no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020 e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

A información requirida foi remitida. A mesma detalla as actuacións que a AMTEGA vén desenvolvendo nos últimos anos ao abeiro de sucesivos plans de acción anuais de software libre, artellados en 5 apartados: 1. A migración do posto do empregado público a ofimática libre; 2. progresiva liberación de aplicacións desenvolvidos pola Administración; 3. melloras na Sede Electrónica; 4. utilización de software libre en proxectos estratéxicos como ABALAR e 5. reutilización de software liberado por outras administracións no eido da e-administración.

## ANÁLISE

Á vista do contido do informe evidénciase que a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia está a avanzar na súa estratexia de impulso de software libre en diferentes ámbitos. De feito, tal e como se informa, non existen na actualidade procedementos alleos aos ofrecidos na Sede Electrónica da Administración Autonómica que precisen o uso de software propietario.

Destaca a plena implantación da aplicación ofimática libre ao posto dos empregados públicos que culminou o pasado ano 17. Todos os equipos dispoñen agora dunha versión actualizada e homoxénea do denominado produto Libre Office, cuxa implementación foi acompañada da debida formación aos seus usuarios xestionada directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Se ben, como se explica no informe da AMTEGA, nalgúns equipos mantense a convivencia cos paquetes previos que operan baixo licenza xa que, como se especifica, existen aplicacións ou sistemas que, con carácter excepcional, non

funcionan de xeito adecuado co LibreOffice, sobre todo no que responde ás relacións con outras entidades públicas ou funcionalidades concretas.

No ano 2017 tamén se contribuíu coa progresiva liberación de aplicativos desenvolvidos pola administración con novas contribucións tecnolóxicas como o proxecto ANSIBLE ou o arquetipo Web Java no que se basearán novas aplicacións web da administración.

Os cambios nas políticas de funcionamento de navegadores veñen condicionando, por outra banda, a compatibilidade de procesos cos sistemas libres. Faise pertinente traballar neste eido, principalmente por ter incidencia directa nos servizos ofrecidos á cidadanía por medio da e-administración e a denominada Sede Electrónica. Os usuarios da sede electrónica, posta en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2011, poden promover de xeito electrónico máis de 1.400 procedementos. Aínda que a Sede Electrónica é compatible na actualidade con sistemas operativos libres actualizados (como Debian e Ubuntu), os cambios nas políticas de funcionamento de diversos navegadores de uso estendido condicionan funcionalidades imprescindibles nas relacións administrado-e.administración como a firma electrónica.

A AMTEGA traballa na actualidade na adaptación dos seus formularios para salvar esas dificultades, chegando na actualidade ao 55% de adaptación, cun 45% pendente de mellora. A axilidade nesta fase así como a priorización dos procedementos polo seu número de usuarios e inminencia de convocatorias deberá ser atendida neste proceso de adaptación.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia a seguinte recomendación:

*Que se priorice a adaptación a software libre dos procedementos electrónicos ao dispor da cidadanía por medio da Sede Electrónica, en especial os procedementos de concorrencia competitiva e os que soamente admitan unha tramitación electrónica; que axilice a adaptación do 45% dos formularios restantes afectados polas políticas de funcionamento dos navegadores e que promova ante o resto das administracións a necesidade de desenvolver sistemas libres compatibles con LibreOffice que permitan abandonar, nun futuro próximo, esa convivencia excepcional cos programas de ofimática licenciados.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo